

*Subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual (código de procedemento TU986B).*

## **XORNADA DE PRESENTACIÓN**

*Santiago de Compostela, 21/10/2024*



# PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- [www.sede.xunta.gal](http://www.sede.xunta.gal)
- Procedemento **TU986B - Subvencions para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas**
- Prazo de solicitude: 15.06.2024 – 14.11.2024
- Crédito orzamentario 10.148.812,62 euros (*dúas anualidades*)
- Concorrencia non competitiva: por orde de rexistro de entrada de toda a documentación correcta.



# Axudas para **actuacións de Eficiencia Enerxética** que impulsen a economía circular en empresas turísticas dirixidas a:

- Establecementos hoteleiros.
- Establecementos de turismo rural.
- Apartamentos turísticos.
- Vivendas turísticas.
- Albergues turísticos
- Empresas de restauración (restaurantes, cafeterías e bares).



# Axudas para actuacións de Eficiencia Enerxética que impulsen a economía en empresas turísticas.

- Solicitantes:
  - Persoas físicas e xurídicas dadas de **alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores da AEAT.**
  - Persoas físicas e xurídicas **titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración.**
  - **Inscritas e autorizadas/clasificadas no** Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (REAT).
  - **Pemes e grandes empresas.**
  - Deberá **acreditarse a propiedade** dos inmobles ou predios obxecto de actuación **ou calquera outro dereito** que autorice á **explotación** do establecemento.
  - Os requisitos **deben cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.**



# Actuacións subvencionables

- Réxime de *minimis*: a axuda total **non** será **superior a 300.000 €** durante os **3 ANOS PREVIOS**.
- Tipoloxías actuacións subvencionables:
  - ◆ Un proxecto pode conter unha ou varias actuacións subvencionables, da mesma ou diferente tipoloxía:

A. Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica

B. Mellora da eficiencia enerxética e enerxías renovables nas instalacións térmicas reguladas polo RITE

B.1. Substitución de enerxía convencional por enerxía solar térmica

B.2. Substitución de enerxía convencional por enerxía xeotérmica

B.3. Substitución de enerxía convencional por biomasa nas instalacións térmicas

B.4. Mellora da eficiencia enerxética sistemas de xeración non incluídos nas anteriores

C. Instalacións fotovoltaicas para autoconsumo

D. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación

E. Renovación de electrodomésticos

F. Sistemas de automatización e control

# Gastos subvencionables

- Deberán estar **realizados e pagados** entre a data de presentación da **solicitud de axuda e o 30 de abril de 2025**.
- **Non serán subvencionables os proxectos xa iniciados** na data de presentación da solicitud de axuda.
- Son **custos elixibles** os necesarios para acadar os obxectivos perseguidos para cada unha das tipoloxías de actuación.



# Gastos subvencionables

- 1. Honorarios profesionais para a elaboración polo técnico competente dos certificados de eficiencia enerxética.
- 2. Custos de xestión de solicitude da axuda.
- 3. Custos da redacción dos proxectos técnicos relacionados coas tipoloxías de actuación obxecto da axuda.
- 4. Custos da dirección facultativa das actuacións.
- 5. Custos de execución das obras e/ou instalacións.
- 6. Investimento en equipamento e materiais efectuado.

## Gastos subvencionables

- 7. Custos de redacción de informes e demais documentación requirida para a solicitude e xustificación destas axudas.
- 8. Custos de xestión da xustificación da realización das actuacións.
- 9. Informe xustificativo que acredite a adecuada realización das actuacións obxecto da axuda, emitido por un organismo de control ou entidade de control.
- 10. Retirada de produtos de produción que conteñan amianto seguindo as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicable aos traballos con risco de exposición ao amianto, por unha empresa legalmente autorizada.
- 11. Custos para implantar medidas correctoras que se adoptarán para cumprir os criterios da *“Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente”*.



# Non son gastos subvencionables

- Taxas, impostos ou tributos.
- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas ou multas.
- Gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos.
- Seguros.
- Gastos financeiros, reestruturacións de pasivo ou refinacementos, circulantes, gastos bancarios e gastos que xeren autofacturación.
- Inmobles e artigos de exposición e de proba susceptibles de posterior venda e/ou instalación de expositores temporais.
- Custos asociados a sancións penais e gastos de procedementos xudiciais.

# Non son gastos subvencionables

- Custos asociados a sancións penais e gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da Administración.
- Elementos de transporte
- Proxectos que non respecten as normas e prioridades da UE e nacionais en materia climática e medioambiental e o principio de *“non causar prexuízo significativo”*
- Gastos de arrendamento de establecementos e gastos correntes da actividade.
- Actuacións coa adaptación da actividade turística ao COVID-19
- Gastos correntes para o funcionamento das entidades beneficiarias finais: arrendamentos, adquisición material e subministración ou gastos correntes en xeral.

## Custos de xestión da solicitude:

- Gastos que o solicitante satisfai a unha empresa/profesional pola xestión administrativa e documental da súa solicitude.
- Recollidos e detallados en documento ou oferta vinculante contractual formalizados co empresario/profesional.
- Debe presentarse copia do documento ou oferta vinculante contractual xunto co resto de documentación que acompaña a solicitude.
- **Máximo: 4% do importe da axuda concedida, co límite de 3.000 €.**



## Contía da axuda:

REGRA XERAL	AXUDA ADICIONAL	REQUISITOS AXUDA ADICIONAL	LÍMITE
70%			
	+10%	Acreditación dun aforro de enerxía primaria non renovable dun 20%	Máximo 80% do custo total subvencionable
	+20%	Acreditación dun aforro de enerxía primaria non renovable dun 30%	Máximo 90% do custo total subvencionable

# Presentación de solicitudes:

- Anexo II (formulario disponible en <https://sede.xunta.gal>)
- Obrigatoriamente **por medios electrónicos**
- Prazo de **5 Meses** dende a publicación no DOG  
**(15.06.2024 – 14.11.2024)**
- Máximo unha solicitude por establecemento turístico.

Deberán indicarse os seguintes datos:

1. Datos do establecemento.
2. Consumo enerxía primaria non renovable.
3. Cualificación enerxética actual e prevista tras actuacións.
4. Inversión total.
5. Gasto subvencionable.
6. Importe total da axuda solicitada.

## Documentación complementaria ao Anexo II:

- Certificado **alta no Censo** de empresarios, profesionais e retedores da AEAT.
- **Acreditación da representación** da persoa/entidade que actúe en nome do solicitante.
- **Acreditación da titularidade do inmovible** ou documentación/contrato explotación, arrendamento...
- **Proxecto da actuación ou memoria técnica** de actuación suscrita por un técnico/a titulado/a competente.
- **Certificado da eficiencia enerxética** de partida no edificio inscrito no RGEEE e o que se prevé alcanzar.
- **Orzamento/s** suficientemente desagregados.
  - Presentaranse **tres orzamentos** se os custes elixibles **superan os 40.000 €** para **obras** ou **15.000 €** para **servizos ou subministracións**.

## Documentación complementaria ao Anexo II:

- **Documento/oferta vinculante contractual** formalizado para a xestión técnica, administrativa e documental.
- **Reportaxe fotográfica** do estado actual da edificación e/ou equipamentos e sistemas sobre os que se vai actuar.
- **Anexo VII:** declaración responsable de “*Non causar prexuízo significativo*”.
- **Anexo VIII:** aceptación de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do PRTR.
- **Anexo IX:** declaración responsable do cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e resiliencia e o cumprimento do principio DNSH.

## Prazo de resolución:

O **prazo para resolver e notificar** a resolución das axudas será de **4 MESES** desde a presentación da solicitude.

Transcorridos os 4 meses sen ditar resolución:

- ***SOLICITUDE DESESTIMADA*** (silencio negativo).





## Xustificación da subvención:

- Obrigación de acreditar a realización dos proxectos e xustificar a **TOTALIDADE** do investimento.
- Data límite **30 de abril de 2025**.

### SE NON SE XUSTIFICA A TOTALIDADE DO INVESTIMENTO : *MINORACIÓN*

Xustificado menos do 30% do investimento

Perda do dereito a cobrar a subvención concedida

Xustificado máis do 30% pero menos do 100% do investimento

Percíbese a subvención de xeito proporcional ao investimento xustificado

# Solicitud de pagamento:

- Antes do **30 de abril de 2025**.
- A través de medios electrónicos:
  - *Anexo IV (dispoñible na Carpeta cidadá e na sede electrónica da Xunta de Galicia).*
- Acompañada da documentación xustificativa do investimento.



# Pagamento:

- Con cargo ao exercicio orzamentario da anualidade seleccionada.
- ¿Cando?
  - Unha vez efectuado o investimento ou realizado o gasto.
  - Despois da presentación da solicitude de aboamento.
  - Despois da presentación da xustificación requirida.



# Pagamento anticipado:

<b>Canto?</b>	Ata o <b>50% do importe</b> da subvención concedida
<b>Cando?</b>	Deberase solicitar no prazo de <b>1 Mes</b> a contar <b>dende a notificación da resolución de concesión</b>
<b>Como?</b>	<b>Anexo X</b>
<b>Requisitos?</b>	<p>Supeditado á constitución dunha garantía bancaria ou equivalente que corresponda ao <b>110% do importe anticipado</b> constituída mediante <b>seguro de caución ou mediante aval solidario</b> e deberá alcanzar mínimo ata os <b>2 MESES SEGUINTEs</b> a finalización do prazo de xustificación.</p> <p>A garantía constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma; o resgardo orixinal presentarase xunto coa solicitude de anticipo.</p>

# Incompatibilidades da subvención

## INCOMPATIBILIDADES

Non compatible **con outras** subvencións, axudas e ingresos ou recursos **para a mesma finalidade** procedente de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Non compatible co feito de **ser beneficiarios** de subvención ao amparo da convocatoria de eficiencia enerxética a empresas turísticas (**TU986B**) do ano **2022**.



981 54 63 60 - 981 54 74 04



fomento.turismo@xunta.gal

